



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE ABRIL DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 11 de abril de 2016

HORA DE COMEZO: 20:45 h.

HORA DE REMATE: 21:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbelo, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor Acctal., D. José Luis Tievo Soliño, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 21 de marzo de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PEDIMENTO DE ESPELLO EN SEIXO-PIÑEIRO

Dáse conta de informe emitido pola Policía Local o día 31.03.2016, referente a pedimento de instalación de espello en Seixo-Piñeiro, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"Nº REX: 553/16

ASUNTO: PEDIMENTO DE ESPELLO EN SEIXO, 41-42-PIÑEIRO

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado por C.M.R., no que solicita a instalación de un espello para mellorar a visibilidade da saída da súa propiedade sita en Seixo, nº 41-Piñeiro-Cangas.

Infórmase que se trata da saída dunha propiedade privada e polo tanto dun interese particular.

Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.

Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o autorizado, sempre e cando a instalación sexa pola conta do interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar a instalación de un espello no lugar de Seixo, nº 41-42, na saída da propiedade do Sr. M.R., sendo os gastos da instalación por conta do interesado.

2.A.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/NORMAS DE CIRCULACIÓN

Dáse conta de informe emitido pola Policía Local o día 31.03.2016, referente a pedimento de informe de normas de circulación, que di o seguinte:

"Nº REX: 554/16

ASUNTO: PEDIMENTO DE INFORME DE NORMAS DE CIRCULACIÓN

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentada por C.M.S.F., con enderezo en Capela de Vilariño, nº 33, O Hío-Cangas, onde solicita informe de normas de circulación no lugar de Vilariño.

Infórmase que non procede o solicitado posto que non se fan informes deste tipo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda comunicar á Sra. S.F. o informe emitido pola Policía Local.



Concello de Cangas

2.A.3) AMPLIACIÓN DE INFORME Nº 541/16 DA POLICÍA LOCAL

Dáse conta de informe emitido pola Policía Local o día 05.04.2016, referente a ampliación de informe nº 541/16, que di o seguinte:

"Nº REX: 600/16

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO INFORME 541/16

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente fai constar:

Que feito un novo estudo da Rúa Gondomar nas inmediacións do centro de saúde, no que se propoñía o estacionamento á marxe dereita, agora propoñémolo á marxe esquerda quedando da forma que se achega no informe fotográfico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a ampliación do informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización de zona en rúa Gondomar.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.



Concello de Cangas

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.



Concello de Cangas

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.858.- A H.H.V., con enderezo na Avda. Castroviejo, nº 28-A Pedreira-Coiro, para en Menduíña-Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 92,00 m²., de soto e 92,00 m²., de planta baixa, de conformidade co proxecto do arquitecto R.S.S., visado o 20 de xaneiro de 2016 e a utilizar os materiais que sinale a LOUGA, para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 13 de xaneiro de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización de fronte da parcela, aceptándose o aval en garantía desta por importe de trescentos euros (300,00 €).

3.A.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.234.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMERA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A.G.A.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 31 de marzo de 2.016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMERA OCUPACIÓN, a A.G.A., para vivenda en A Rocha- San Pedro- Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal 23.231.

b) Asemade apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.A.3) RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN DO SEGUINTE EXPEDIENTE DE OBRAS:



Concello de Cangas

RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE OBRAS 25.627 EN DATA 08/02/2016

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por M.J.P.F., en representación de FONPORT S.L, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2016, polo que se acordou o arquivo do expediente de obras 25.627 ó transcorrer máis de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación efectuado en data 27.10.2015, concrétanse os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 8 de febreiro a Xunta de Goberno local acordou o arquivo do expediente de obras 25.627 ó transcorrer máis de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación efectuado en data 27.10.2015. Neste requirimento solicitábase o plano de situación das obras reflectido na cartografía oficial e sinalar os terreos obxecto de cesión que estivesen fora da aliñación ó tempo que se informaba que non presentar dita documentación en prazo supuña o arquivo do expediente, de conformidade co disposto no artigo 92 da lei 30/1992, de 26 de novembro.O acordo de arquivo foi notificado en data 16 de febreiro de 2016 a FONPORT S.L.

SEGUNDO.- - En data 8 de febreiro de 2 016 no rexistro da Xunta, rexistro de entrada 1603 no Concello de 10.02.2016 , M.J.P.F., en representación de FONPORT S.L, presenta un escrito no que acompaña plano dos terreos fora de aliñación ó tempo que indican que as obras solicitadas son de ampliación dun soto e que polo tanto non teñen que ceder.

TERCEIRO. - En data 8 de marzo de 2016, rexistro de entrada 2966, formula recurso de reposición fronte o da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2016, polo que se acordou o arquivo do expediente de obras 25.627 ó transcorrer mais de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación efectuado en data 27.10.2015.

TERCEIRO.- No Recurso presentado por M.J.P.F., en representación de FONPORT S.L, solicítase a anulación da resolución recorrida logo de entender que a documentación requirida presentouse dentro do prazo conferido ao efecto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



Concello de Cangas

PRIMEIRA.- No recurso interposto por M.J.P.F., en representación de FONPORT S.L. apreciase a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa da parte recorrente, así como a súa interposición en tempo e forma.

SEGUNDO.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da lei 30/1992 corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 16 de xuño de 2011" Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditase..."

TERCEIRO.- En relación co recurso interposto non é certo que o escrito presentado en data 08.02.2016 dese cumprimento ao requirimento efecto en data 27.10.2015 toda vez que manifesta a súa disconformidade ca cesión á que obriga o artigo 24 da lei 9/2002, de 30 de decembro de 2002 e que se requiría en dito requirimento.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.01.2015 aprobouse a proposta da comisión técnica de unificación de criterios sobre a aplicación do artigo 24 da lei 9/2002 do teor literal seguinte: "As cesións de férreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso serán esixibles cando se pretendan construír novas edificacións ou substituír a existentes, considerando que son NOVA EDIFICACIÓN, tanta as edificacións principais como adxectivas de nova construción, e entendendo por SUSTITUCIÓN que implica cesión aquela que afecte ó volume e/ou edificabilidade da edificación, entendendo que o cambio de cuberta non implica cesión".

En data 1 de abril de 2016 o arquitecto municipal emite informe respecto ao recurso de reposición formulado do teor literal: "El proyecto propuesto contiene la ampliación de la edificación existente por lo que debe entenderse que da lugar a nueva edificación, siendo en consecuencia de aplicación las cesiones definidas en el artículo 24 de la ley 9/2002 polo que as obras solicitadas implican cesión, visto o informe emitido ao respecto polo arquitecto municipal.

Polo exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por M.J.P.F., en representación de FONPORT S.L, contra o da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2016, polo que se acordou o arquivo do expediente de obras 25.627 ó transcorrer máis de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación efectuado en data 27.10.2015, confirmando dito acordo en tódolos seus termos, polos razoamentos expostos no corpo deste informe-



Concello de Cangas

proposta, ó considerarse que a ampliación dun semisoto como nova edificación e precisa de cesión, visto o informe do arquitecto municipal de data 1.04.2016.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ós interesados.

Contra o apartado primeiro desta resolución, que é definitivo en vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3º da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación , segundo o disposto no artigo 4 6.1 da citada lei.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.870.- COMUNIDADE PROPIETARIOS PLAYA RODEIRA, realizar obras de cambio de chapas minionda en laterais do edificio en Avda. Ourense 5- Espiritu Santo- Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.882.- F.G.M., reposición de material de cubrición en edificación, sito en Praciña de Singulis 2- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.884.- J.F.A., cambio material de cubrición da cuberta en vivenda sito na rúa Colón 7- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.826.- O tramitado a instancia de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, para R.B.T.S. no Frondoal 5-Liméns- Hio, foi denegado por carecer a vivenda de licenza municipal.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.764/14.- SPORT STREET S.L., arquívase comercio venda artigos deportivos na rúa Vicenti 4- Cangas.

5º .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACIÓN DO PXOM DO CONCELLO DE CANGAS



Concello de Cangas

Este punto foi retirado da orde do día.

FACENDA

6º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
NORFORMACIÓN, SL	FIANZA	1.683,60 €	CONTRATOS AFD 2014
CENTRO DE ESTUDIOS ACADINFO, SL	FIANZA	2.131,60 €	CONTRATOS AFD 2014

7º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DECRETO DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO P.O. Nº 349/2008

Dáse conta de Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº349/2008, promovida por "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento de Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 349/2008.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Tesourería e Apoio Xurídico.



Concello de Cangas

7.B) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 259/2009

Dáse conta de Auto do 03.03.2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº259/2009, promovido por "CONSTRUCCIONES BARREIRO, SL".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento de Auto do 03.03.2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº259/2009.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Tesourería e Apoio Xurídico.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

8.A) INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL S/BAIXA NO SAF

Examinado o informe de data 07.04.2016 da traballadora social de servizos sociais comunitarios do Concello de Cangas, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"R.C.A., traballadora social de servizos sociais comunitarios do Concello de Cangas,

INFORMA: que M.B.B. con nº de DNI:78739988-V causou baixa no servizo de axuda no fogar Municipal (libre concorrência) o día 5 de abril de 2016, sendo o motivo desta a melloría no estado de saúde".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.



Concello de Cangas

8.B) INFORME DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 07.04.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a J.B.F.C., co expediente nº 36008/01/002014, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custe do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica)*
Cento sesenta e nove euros con trinta e un céntimos (169,31 €/mes).

Número de horas: *70 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *abril de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

8.C) INFORME DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 07.04.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

**CONCEDERLLE a C.G.M., co expediente nº 36008/02/000090-VI0000048356, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica) cento corenta euros con trinta e cinco céntimos (140,35 €/mes).*

Número de horas: *70 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *abril de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

8.D) INFORME DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 07.04.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:



Concello de Cangas

* *CONCEDERLLE a M.P.V.M., co expediente nº 36008/02/002527-VI0000051167, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concurrencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica) 0 €/mes.*

Número de horas: *70 horas*

Data prevista de alta no SAF: *abril de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

8.E) INFORME DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 07.04.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* *CONCEDERLLE a V.G.R., co expediente nº 36008/02/001999, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concurrencia e de acordo cos seguintes detalles:*



Concello de Cangas

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

Custo do servizo: cento cincuenta e cinco euros con sesenta e dous céntimos (155,62 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica:) 0 €/mes.

Número de horas: 12 horas.

Data prevista de alta no SAF: abril de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENOVACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL

9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

U.P.P, enderezo a efectos de notificacións en Cunchido de Arriba, Darbo, nº 5 presentou o 01/03/2016 solicitude para o outorgamento de autorización de venda ambulante para o posto que ven ocupando, segundo ela dende hai 30 anos.

Posteriormente o 23 de marzo de 2016 presenta a documentación precisa para o outorgamento da autorización solicitada de acordo co disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013).

Segundo o artigo 15 do Regulamento citado, que recolle o réxime de autorizacións da venda ambulante no ámbito do Concello de Cangas, o órgano competente para o outorgamento das licenzas de venda ambulante é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Cangas

Vistas as solicitudes e comprobada a documentación que achega elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de licenza municipal de venda ambulante formulada por U.P.P ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra ne 67 do 8 de abril de 2013) de acordo co exposto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á solicitante, a Tesourería municipal e a Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local aos efectos de comunicación ao Conserxe do Mercado advertíndolles que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

Cangas, 7 de abril de 2016

Concelleira Desenvolvemento económico e Emprego local

9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 28/03/2016, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2016 da que é titular M.D.S. por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto aos recursos procedentes ao interesado.

O interesado, sinalando como enderezo a efectos de notificacións a Av. Concordia nº 107, ne 1 B CP 36700 de Tui (Pontevedra) con data de rexistro de entrada 01/04/2016, achega escrito e documentación ao que se lie outorga o carácter de recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 110.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 01/04/2016 fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 28/03/2016 e repoñendo o citado acordo outorgar en consecuencia a renovación para o ano 2016 da licenza municipal de venda ambulante da que é titular M.D.S.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Tesourería Municipal e a Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local a fin da súa comunicación ao conserxe do Mercado, advertíndolles que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interponer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

Cangas, 7 de abril de 2016

9.C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 28/03/2016, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2016 de Copistería Foto Núñez por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado.

J.R.R.C., actuando en representación do titular da licenza, sinalando con enderezo a efectos de notificacións a Rúa Lérez La Torre ng 52 CP 36156 de Pontevedra con data de rexistro de entrada 04/04/2016, achega escrito e documentación ao que se lie outorga o carácter de recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 110.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 04/04/2016 fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 28/03/2016 e repoñendo o citado acordo outorgar en consecuencia a renovación para o ano 2016 da licenza municipal de venda ambulante da que é titular Copistería Foto Núñez S. L.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Tesourería Municipal e a Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local a fin da súa comunicación ao conserxe do Mercado, advertíndolles que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

10º.- SOLICITUDE DE COLABORACIÓN DA ASOCIACIÓN PARA O FOMENTO E IMPULSO DA ARTESANÍA EN GALICIA (AFIGA) PARA A REALIZACIÓN DA 25 MOSTRA DE ARTESANÍA "ARGÁLICA 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada deste punto da orde do día e acórdase remitilo ao departamento de Cultura para o seu estudo e proposta de resolución.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO QUE DA CONTA DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ASINAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN POLA "ESCOLA DE CANTEIROS" DUNHA ESCULTURA DEDICADA A MARIA SOLIÑA

Examinado o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, en relación coa sinatura dun Convenio de Colaboración co Concello de Cangas, para a realización pola "Escola de Canteiros" dunha escultura dedicada a Maria Soliña, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

1º.- Aceptar a presentación de toda a documentación requirida e así mesmo, adquirir o compromiso de mantemento da obra escultórica e da difusión do



Concello de Cangas

financiamento da obra, por parte da Deputación de Pontevedra e da súa relación coa "Escola de Canteiros".

B) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE PARKINSON DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA S/INSTALACIÓN DE MESA INFORMATIVA EN VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 17.03.2016 pola ASOCIACIÓN DE PARKINSON DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, na que demandan autorización municipal para a instalación dunha mesa informativa diante da Casa da Bola para o vindeiro día 15 de abril, con motivo do Día Mundial da Enfermidade do Párkinson.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar a instalación solicitada pola asociación referida.

C) SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

C.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA DE "HERMANOS REY GRAÑA, CB"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G.R.G, en representación de "HERMANOS REY GRAÑA, CB" (CAFÉ-BAR "LA MARINA"), para a ocupación de 60,00 m2., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 3-Cangas, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez



Concello de Cangas

destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante ancoraxes



Concello de Cangas

ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

C.2) DENEGACIÓN DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA SOLICITADA POR "PRINCIPAL MORRAZO, SL"

Visto o escrito presentado o día 15.03.2016 por M.A.S., en representación da sociedade "PRINCIPAL MORRAZO, SL" (CAFETERÍA PLANTACIONES), no que demanda autorización municipal para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras enfronte do seu establecemento sito en rúa Estrela, nº 1-Cangas.

Visto o informe emitido o día 22.03.2016 pola Policía Local, para ocupación da vía pública referida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda denegar a solicitude presentada polo Sr. A.S, para ocupación de vía pública con mesas e cadeiras enfronte do seu establecemento sito en rúa Estrela, nº 1, por estar a zona onde se pretende a instalación, incluída no contorno do patrimonio histórico-artístico da Igrexa de Cangas.

D) PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Dase conta das bases transcritas anteriormente para a concesión de premios da Cultura para o recoñecemento público e institucional, que son como seguen:

PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e, ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso Municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa Cultura, do noso Patrimonio e da Creación Artística, en calquera das súas múltiples facetas, o limo. Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios de Honra; e no presente



Concello de Cangas

exercicio 2016 a Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística desenvólveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1- PREMIOS "XOHAN DE CANGAS":

1.A .- "**PREMIO XOHAN DE CANGAS AO LABOR CULTURAL**" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa Cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

1.B.- "**PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA**" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO "IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN / PROMOCIÓN DO PATRIMONIO"

Dirixido a todas ás persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso Patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparelada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do Municipio de Cangas, así como todos os partidos políticos e grupos municipais da Corporación canguesa, ata o 15 abril de 2016. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no Auditorio Municipal de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.gal

3.- De entre todas as candidaturas, escollera as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:



Concello de Cangas

* O Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística ,ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.

* Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/as anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo Sr. Concelleiro de Cultura.

* Os/as seguintes técnicos/as municipais:

- Un/unha técnico/a da área de Mocidade.
- O/a Director/a do Auditorio Municipal.
- O/A Director/a do Conservatorio ou da Escola de Música.
- Un/unha técnico do Departamento de Cultura.
- Un/unha bibliotecario/a responsable da Biblioteca Central ou das Parroquiais, escollido/a entre eles.
- Un/unha técnico/a responsable da área de Urbanismo.

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/a que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- Os galardóns entregaranse na "Festa da Cultura" que se celebrará no Auditorio Municipal o 17 de maio de 2016.

Cangas 3 marzo de 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar as bases transcritas anteriormente para a concesión de premios da Cultura para o recoñecemento público e institucional.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente